

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de abril de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(431).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de abril de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(432).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA, DO 22.03.12, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2012. EXPTE. 41058/511/12.

Dáse conta do Decreto de data 22.03.12, polo que a concelleira de Economía e facenda resolve o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 20 de marzo de 2012 e Toma de Razón da Intervención Xeral de data 22 de marzo de 2012.

RESOLVO:

1.- Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2012 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-41442-VE, polo importe total de 15.408.061,25 euros (Quince millóns catrocentos oito mil sesenta e un euros con vintecinco céntimos), correspondentes a un total de 176.883 vehículos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 966 vehículos de titularidade de minusválidos que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2012 na columna B.FISC e cota 0".

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 651 vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2012 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 8 vehículos eléctricos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2012 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 14 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2012 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4 e 5 anteriores consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpetita cidadá" da web do Concello.

6.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

7.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(433).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/795.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, de data 12.04.12, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Ramón Barreiro Ares. Expte. 795/23.

4(434).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, E PROXECTO DE CONVENIO CUNHA ENTIDADE BANCARIA PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS. EXPTE. 71446/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.04.12, o informe de fiscalización do 10.04.12, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Servizo de Persoas maiores e persoas con Discapacidade, conformado polo xefe de Área e a concelleira delegada de Política de Benestar, a concelleira delegada de Economía e Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar mediante a utilización de “bono-taxi” un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se concluirá polo Concello de Vigo cunha entidade bancaria para xestión das axudas.

3º.- Nomear a entidade Novagalicia Banco como entidade bancaria colaboradora na xestión das axudas para o ano 2012.

4º.- Autorizar o gasto de 2.000,00 € con cargo a partida de Política de Benestar 2310.2279900 “estudios e traballos técnicos” contra a que se imputarán os gastos de emisión e comisións de tarxetas Visa-prepago que se entregarán aos beneficiarios das subvencións e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á Técnica do Departamento responsable do programa Bono-taxi, Mª Jesús Sanromán Varela NIF 36.018668-R, que se ingresará na conta habilitada do Departamento nº 2080 5000 67 3110242616

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2012, dado que a finalidade do mesmo é o abono a entidade colaboradora de emisión de tarxetas, podendo ser necesario a emisión de novass tarxetas, unha vez adxudicadas as subvencións (por extravío, roubo ou deterioro).

5.- Autorizar o gasto de 25.000,00€ con cargo á partida de Política de Benestar 2310.4800011 “Subvencións taxi discapacitados” e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á Técnica do departamento de Benestar Social Mª Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080 5000 67 3110242616

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2012, dado que a finalidade do mesmo é a xestión das axudas mediante tarxetas visa prepago, cargadas con 300.00€ cada unha dende a concesión da subvención ata a caducidade da tarxeta o 20 de decembro de 2012, momento no que se solicitan os saldos abandonados de cada tarxeta á entidade colaboradora, e procederase á xustificación do devandito libramento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- ANO 2012

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu artigo 25.2 k) expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais de reinserción social. Pola súa parte, o artigo 26.1 do mesmo texto legal establece que os municipios de mais de 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos sociais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizo de carácter integrado os que os constitúen na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

Que en base as competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica e no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras e da convocatoria

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas do programa denominado "bono-taxi" que son axudas económicas de carácter individual, que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade ou dependentes, que por ter gravemente afectadas na súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, ao obxecto de proporcionarles un servizo de desprazamento en taxi.

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións

Constitúen a finalidade das axudas económicas que se convocan, favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade, e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 25.000,00 € e financiaranse con cargo á partida 2310.4800011 "Subvención taxis discapacitados" do orzamento de Política de Benestar. Tendo en conta o crédito orzamentario do que se dispón, no momento da convocatoria, establécese en 83 o número máximo de beneficiarios, que reunindo as condicións da base sexta poderán percibir a subvención do "bono-taxi".

Sen perxucio de que se na aprobación dos orzamentos do ano 2012 incrementárase a cuantía da partida do bono-taxi o número de beneficiarios aos que se lle concedería a subvención farase seguindo a lista de agarda existente.

CUARTA.- Contía das subvencións

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre os beneficiarios/as.

A contía máxima por beneficiario será de 300,00€ dende a concesión da subvención pola XGL, ata o 19 de decembro de 2012 (o día 20 xa non estará operativa a tarxeta).

Cando o saldo abandonado da tarxeta sexa superior a 100,00€ e con data máxima 1 de setembro de 2012, o saldo será adxudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

QUINTA.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas que se conceden ao amparo da presente convocatoria, as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas no artigo 10, apartados 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a subvención destinada a "bono-taxi" as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria do ano 2012 e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda.
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.
- c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H)
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.
- e) Non dispor duns ingresos superiores ao 193% do IPREM vixente (14.400,00€ anuais)
- f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do "bono-taxi", que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante.

Para o cómputo dos recursos económicos, teranse en conta a renda persoal do solicitante do último exercicio fiscal.

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.
- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda percápita e deberán aportar a declaración do IRPF das persoas das que depende.

A renda percápita calcularase tendo en conta a totalidade os rendementos netos do derivados de:

- Rendementos do traballo
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- Rendementos das actividades económicas
- Outros rendementos que consten na declaración.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade.

A solicitud segundo modelo (Anexo I) irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.
- 3) Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei

9/2007 de subvencións de Galicia.(Non ter pendentes de pagamento deudas tributarias co a AEAT, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social)

- Non ser titular de vehículo automóbil propio .
- Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termino municipal .

4) Xustificación documental dos recursos económicos:

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:

- A última declaración da renda. Autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).
- Fotocopia del certificado positivo o negativo das prestación/s ou nominas que perciba.

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante:

4.3) Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai,nai , fillo, titores, etc) Neste caso calcularase a renda percápita familiar. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa

5) Anexo II, - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas Bono taxi.

O departamento poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria.(Anexo I)

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada

nos termos previstos no artigo 71.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o servizo de “Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade” do Departamento de Política de Benestar , que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O organo instructor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder, desprendese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o organo instructor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Política de Benestar e á Técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en quen deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira da convocatoria.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e de notificación

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.(Pagina web vigo.es, 010)

DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade da actividade subvencionada

A subvención desta convocatoria, será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.

DECIMOSEGUNDA.- Pagos

1. Pago ao beneficiario da subvención.

Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dende o momento da concesión pola Xunta de Goberno Local, ata o 19 de decembro de 2012.

Os pagos serán efectuados a través dunha Tarxeta Prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención, segundo o convenio coa entidade colaboradora anexo ás presentes bases.

A axuda concedida cargaráselle na tarxeta a cada beneficiario dunha soa vez.

2. *Pago á entidade colaboradora e seguimento das axudas-*.

2.1 *Pago das axudas:*

O pago á entidade colaboradora realizarase mediante unha única transferencia dende a conta habilitada 2080-5000-67-3110242616 do Departamento á conta que se abrirá ,na entidade bancaria coa que se faga o convenio para a xestión desta axuda, que se denominará “Bono Taxi – Concello de Vigo”.

2.2 *Pago de tarxetas e comisións:*

- *Comisión de alta ou duplicado de tarxetas: 12 euros por cada tarxeta.*
- *Comisión de servizo e carga de tarxeta.*
- *Polo envío de SMS ao número de móbil do usuario indicado para cada Tarxeta polo CONCELLO DE VIGO facilitando o seu PIN e confirmando o Saldo Ingresado: Comisión do 3% do importe correspondente á carga da tarxeta cun mínimo de 0,75 euros por cada operación.*

- *O duplicado dunha tarxeta estará suxeito á mesma comisión que a súa alta orixinal sempre que sexa por roubo, extravío ou deterioro da mesma.*

Todas estas comisións aplicaríanse na conta base, titularidade do CONCELLO DE VIGO, que este mantén na entidade bancaria colaboradora.

3. *Xustificación da subvención por parte da entidade colaboradora-*.

3.1 *Xustificación das axudas*

A 20 de decembro unha vez caducadas as tarxetas de bono-taxi para o ano 2012 a entidade colaboradora transferirá os saldos das tarxetas de bono –taxi que non foron utilizados, á conta hábilidada do departamento. Así mesmo a entidade colaboradora a 20 de decembro de 2012 remitirá relación de todos os cargos das tarxetas durante a súa vixencia na que se fará constar que a subvención foi utilizada para o programa Bono-Taxi

3.2 *Xustificación de tarxetas e comisións*

O Departamento de Política de Benestar recibirá da entidade colaboradora, con carácter trimestral, unha relación de cargo por comisións e outros gastos de cada un dos beneficiarios. A 20 de decembro de 2012 tamén remitirá a relación de tódolos cargos que por estes conceptos se teñan efectuados e transferirá á conta habilitada do departamento a cantidade sobranante.

DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización

- a) *Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.*
- b) *Cada beneficiario, contará cunha Tarxeta Prepago, na que se estamparán o seu nome e apelidos sen custo algún para o beneficiario.*

- c) O importe máximo da subvención, 300.00 € cargaránse na Tarxeta Prepago no momento da concesión e iránse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Política de Benestar .. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (L.O.P.D) para realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) Asine a tarxeta no reverso que presentará xunto co DNI no momento de facer o pago do servizo ao taxi.
- f) No momento do pagamento :Non perda de vista a súa tarxeta e fíxese no importe que asine.
- g) A Tarxeta Prepago para “bono-taxi” estará operativa ata o 19 de decembro de 2012 (día 20 inoperativa), procedendo a súa destrución.
- h) A tarxeta entregárase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora á activación ás 72 horas dende a súa entrega polo Concello de Vigo, esta activación farase mediante sms non sendo necesario acudir a entidade bancaria.
- i) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ao beneficiario pola entidade bancaria colaboradora mediante sms ao móbil que sinalou na súa solicitude, sen non aportou número de mobil a tarxeta activase igualmente pero o beneficiario non recibira o sms de activación.
- j) O número secreto de PIN comunicáraselle ao beneficiario da axuda a través de sms ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.
- k) Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da web <https://www.damemisaldo.com> ,ou da entidade bancaria colaboradora.
Para elo, será necesario dispor do PIN da tarxeta, que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade bancaria .
- l) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902 121314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo.
- m) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.
- n) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagos con tarxeta prepago e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.
- o) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.
- p) A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial “Taxis”; de esta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

DECIMOCUARTA.- Réxime de recursos.

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.

DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA COA QUE CONVIVE		
1º Apelido	2º Apelido	Nome
Data nacemento	DNI/NIE	Sinatura
DATOS DA/S PERSOA/S DA/S QUE DEPENDE ECONOMICAMENTE o apartado seguinte só se cubrirá se o/a solicitante carece de ingresos		
1º Apelido	2º Apelido	Nome
DNI/NIE	Relación co solicitante	Sinatura
1º Apelido	2º Apelido	Nome
DNI/NIE	Relación co solicitante	Sinatura:

¿E vostede beneficiario/a do servizo 065?	SI	≡	=====
NON	≡		=====

Vigo,.....dede 2012

Asdo:.....

DOCUMENTACIÓN

- 1) *Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).*
- 2) *Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.*
- 3) *Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:*
 - *Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Non ter pendentes de pagamento deudas tributarias co a AEAT, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social)*
 - *Non ser titular de vehículo automóbil propio .*
 - *Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.*

- Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termino municipal .

4) Xustificación documental dos recursos económicos:

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:

- A última declaración da renda. Autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).
- Fotocopia del certificado positivo o negativo das prestación/s ou nominas que perciba.

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai,nai , fillo, titores, etc) Neste caso calcularase a renda percápita familiar. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa

5) Anexo II, - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas Bono taxi.

O departamento poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE COLABORADORA E O CONCELLO DE VIGO

Na cidade de Vigo, o _____ 2012

REUNIDOS

Dunha parte,..... maior de idade, provisto de N.I.F.,..... , con domicilio para estes efectos en Praza do Rei, s/n, Vigo, 36202

Doutra parte, D. _____ , maior de idade, con domicilio para estes efectos , e provisto de N.I.F. núm.

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación do CONCELLO DE VIGO (en adiante Concello), con C.I.F con domicilio social en en calidade de...

O segundo en nome e representación da entidade bancaria colaboradora, con C.I.F. número , con domicilio social , na súa calidade de

MANIFESTAN

I.- Que o CONCELLO DE VIGO desexa dispoñer dun medio de pago para ser entregado a aqueles beneficiarios da axuda social Bono-Taxi, subvención de transporte destinada a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade. En concreto, desexa a emisión dunha tarxeta prepago, que teña as características que se indican no presente documento.

II.- Que entidade bancaria colaboradora conta cunha gran experiencia en medios de pago en xeral, dispón dos sistemas necesarios para a súa xestión e desexa colaborar co CONCELLO DE VIGO no desenvolvemento deste proxecto.

III.- Que, en virtude do que antecede, considerando as competencias de ambas as partes así como o propósito exposto, acórdase subscribir o presente Convenio conforme ao indicado nas seguintes

CLÁUSULAS

1.- OBXECTO DA COLABORACIÓN

O obxecto do presente convenio consiste na emisión ,por parte(da entidade bancaria colaboradora) dunha tarxeta prepago da marca Visa (en diante tarxeta) a favor das persoas físicas que indique en cada momento o concello de Vigo,para a súa utilización exclusivamente, no sector da actividade indicado na cláusula segunda .

Esta "tarxeta Visa Propago"da (entidade bancaria colaboradora) vincularase por parte de Concello de Vigo" á xestión de axuda "Bono-Taxi" polo referido concello.

A entidade bancaria colaboradora,está suxeita ás prescricións establecidas para esta entidade na lei 38/2003 Xeral de Subvencions e 9/2007 de Subvencions de Galicia.

2.- DA TARXETA

A entidade bancaria colaboradora emitirá, a favor das persoas físicas que lle solicite en cada momento o CONCELLO DE VIGO, unha tarxeta prepago (en adiante, "a/s TARXETA/S").

A TARXETA emitida pola entidade bancaria colaboradora ao abeiro deste Convenio terá as seguintes características:

- Será unha TARXETA.
- Emitirase con data de caducidade "decembro de 2012" non sendo renovable ao seu vencemento.
- A TARXETA terá as comisións acordadas no presente documento.
- O CONCELLO DE VIGO deberá asinar previamente o contrato referido ao tipo de TARXETA.
- A TARXETA poderase utilizar unicamente no Sector de Actividade de Categorías Comerciais 4121 "Taxis" non admitíndose a operatoria en calquera outro establecemento.
- A TARXETA tampouco poderá ser utilizada en caixeiros automáticos, nin será posible a retirada de efectivo en oficinas.
- As TARXETAS non entregadas por pasamento da persoas beneficiaria serán sen custo algún para o concello.

3.- DESEÑO DA TARXETA

O deseño da TARXETA que emitirá (entidade bancaria colaboradora) realizarase de común acordo polas partes, aceptando o CONCELLO DE VIGO as normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto (entidade bancaria colaboradora) como as Redes e Organizacións internacionais de tarxetas, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras magnéticas en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, e outros condicionantes relativos a elas, co seguinte detalle:

4. Anverso da TARXETA: O CONCELLO DE VIGO disporá do anverso da tarxeta (agás a esquina superior dereita) para situar o seu logotipo, coa cor e deseño que decida e debidamente rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas, previamente suxeito a aprobación e homologación por parte das Redes e Organizacións de tarxetas magnéticas. A entidade bancaria colaboradora disporá da esquina superior dereita do anverso da TARXETA, que destinará a situar aquelas marcas ou identificadores que estime convenientes ou sexan obrigatorias para identificar, dotar de servizos complementarios ou facilitar as operacións financeiras da TARXETA. No anverso gravarase ademais, a seguinte información: número da TARXETA, nome e apelidos do seu usuario (máximo 25 caracteres) e data de caducidade.

5. Reverso da TARXETA: conterá, coa distribución que a entidade bancaria colaboradora estime máis axeitada para optimizar o espazo e cumprir cos estándares actuais, a seguinte información: banda magnética e os códigos ou claves identificadoras que en cada caso procedan.

(Entidade bancaria colaboradora) e o CONCELLO DE VIGO poderán establecer de común acordo unha denominación específica para a TARXETA, inserindo esta denominación nela.

A entidade bancaria colaboradora responsabilizarase da emisión física, estampación, gravación e en xeral de todos os procesos necesarios para a xestión das TARXETAS, que terán as características detalladas precedentemente.

4.- PROCEDIMENTOS OPERATIVOS

4.1. Contratación da TARXETA. A contratación dunha tarxeta prepago por parte do CONCELLO DE VIGO supón a apertura dunha conta prepago, inaccesible agás a través da tarxeta e que unicamente serve para recibir os ingresos que se desexe aplicar á tarxeta e atender os cargos correspondentes ás operacións realizadas polo usuario.

Só se poderán realizar operacións coa tarxeta se previamente se ingresou nela un importe igual ou superior ao da operación.

Indícase a seguir o proceso de contratación:

- O CONCELLO DE VIGO abrirá na entidade bancaria colaboradora unha conta corrente, en adiante, "conta base", que se utilizará como instrumento para o pago dos ingresos nas tarxetas e das comisións previamente establecidas.
- Por cada unha das tarxetas que solicite o CONCELLO DE VIGO, a entidade bancaria colaboradora crea unha conta na súa aplicación de medios de pago á que se asignará un número de identificación de partícipe. O CONCELLO DE VIGO deberá indicar o nome que desexa que figure en cada unha destas tarxetas. Polo tanto, manteranse tantas "contas de tarxeta" como usuarios comunique o CONCELLO DE VIGO a entidade bancaria colaboradora.
- Durante o proceso de alta da tarxeta a entidade bancaria colaboradora comprobará que o nome indicado polo CONCELLO DE VIGO non figura na listaxe oficial de persoas relaciona-

das co branqueo de capitais e o financiamento de actividades terroristas. En caso de coincidencia coa listaxe non se dará de alta a tarxeta e devolverase un código de erro no proceso da alta.

4.2. Titularidade das tarxetas e da conta base. O CONCELLO DE VIGO será titular da conta base e de todas e cada unha das tarxetas prepago que se contraten ao abeiro deste Convenio.

As contas da tarxeta prepago son completamente independentes entre si e a súa relación coa conta base límitase a que esta será a orixe dos fondos ingresados en cada unha das contas da tarxeta.

4.3. Alta de tarxetas. O CONCELLO DE VIGO solicitará á entidade bancaria colaboradora a emisión de cada unha das tarxetas, indicando o nome que desexa que figure nela e o importe (trescentos euros) que desexa ingresar en cada unha. A entidade bancaria colaboradora, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO do importe do ingreso e das comisións que correspondan conforme se indica no punto 4.9 desta mesma cláusula, dará de alta a tarxeta nos seus sistemas e procederá á súa estampación e envío ao enderezo indicado a continuación, e que será o mesmo para todas as tarxetas, nun prazo de 5 días laborais. As tarxetas enviaranse indicando a clave numérica (número de identificación) que corresponde a cada unha. Igualmente comunicarse ao CONCELLO DE VIGO a través dun ficheiro esta clave numérica que permitirá identificar de forma única cada tarxeta. Será responsabilidade do CONCELLO DE VIGO a entrega da tarxeta ao seu usuario final así como as súas instrucións de uso.

O enderezo de envío das tarxetas será o seguinte: (CONCELLO DE VIGO Departamento de Política de Bienestar-Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, Praza do Rei nº 1-36202).

A entidade bancaria colaboradora non destruirá os nomes despois da emisión das tarxetas xa que impediría emitir duplicados da tarxeta cando se soliciten ou localizar unha tarxeta en caso de perda ou roubo. En ningún caso eses nomes se utilizarán para ningún outro uso, de feito, unicamente se incorporan como o literal a estampar na tarxeta.

4.4. Activación da tarxeta e envío de PIN. As tarxetas emitiranse inactivas, polo que non poderán operar ata que se realice a súa activación. Esta activación realizarase unha vez que o CONCELLO DE VIGO notifique a través de ficheiro a entidade bancaria colaboradora que tarxetas se entregaron aos correspondentes usuarios informando á entidade bancaria colaboradora do número de identificación de cada unha desas tarxetas. Opcionalmente poderá indicar tamén, para cada tarxeta, un número de teléfono móbil ao que desexa informar da activación e enviar o PIN da tarxeta. Recibida esta información, a entidade bancaria colaboradora procederá á activación da tarxeta/s comunicando aos usuarios esta activación e o seu número secreto PIN a través de sms. O texto da SMS sería: "ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA informa: a súa tarxeta Bono-Taxi do Concello de Vigo está activa. O seu número PIN é XXXX. Dispón dun saldo de 300€".

Naqueles casos nos que o CONCELLO DE VIGO non comunicase a entidade bancaria colaboradora un número móbil, a activación da tarxeta farase unha vez entregada polo concello, cun prazo máximo de 72 horas. Se o usuario da tarxeta ten interese no número PIN recollerao nunha oficina da entidade bancaria colaboradora.

4.5. Ingresos en tarxetas. No caso de que o CONCELLO DE VIGO desexase realizar ingresos adicionais, ademais do ingreso inicial por importe de 300 euros sinalado con anterioridade, podería facelo previa comunicación á entidade bancaria colaboradora mediante un ficheiro. Para cada ingreso especificarase a tarxeta, identificada mediante a clave (número de identificación) facilita-

da no momento da alta da tarxeta, a cantidade a ingresar e, opcionalmente, o número de teléfono móbil ao que se enviará unha mensaxe de confirmación tras a recarga.

A entidade bancaria colaboradora, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO que se acorde do importe do ingreso e das comisións correspondentes, ingresará no prazo máximo dunha semana, a cantidade especificada na tarxeta correspondente. Enviarase ao número de móbil facilitado polo CONCELLO DE VIGO unha SMS co texto: "(ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA) informa: O Concello de Vigo ingresóuselle un importe de€ na súa tarxeta bono-taxi".

Este será o único mecanismo para realizar ingresos nestas tarxetas, non admitindo que o propio usuario final da tarxeta ingrese fondos pola súa conta.

4.6. Consultas. Os usuarios finais das tarxetas poderán en todo momento coñecer o saldo e últimos movementos delas a través de calquera caixeiro automático, debendo dispoñer para iso do PIN da tarxeta

Tamen poderán comprobar o seu saldo a través de <https://www.damemisaldo.com> utilizando o número que figura na tarxeta.

4.7. Saldos abandonados. Se ao chegar a data de caducidade dunha tarxeta, esta dispón de saldo ao seu favor, estes fondos traspasaranse dende a conta da tarxeta caducada á conta base do CONCELLO DE VIGO.

4.8. Tarxetas deterioradas, perdidas ou roubadas. A solicitude de bloqueo dunha tarxeta deteriorada, perdida ou roubada poderaa solicitar o usuario chamando ao teléfono 902 121314 liña aberta as 24 horas e 365 días ao ano que a entidade bancaria colaboradora pon a disposición dos beneficiarios da axuda social. Para poder atender estas peticións, é imprescindible conservar o nome estampado na tarxeta.

A emisión de duplicados de tarxetas perdidas ou roubadas ou deterioradas e a xeración do número secreto tras esquecemento del só poderá ser solicitado polo CONCELLO DE VIGO identificando claramente a clave da tarxeta orixinal, procedéndose do mesmo xeito que nas altas de novas tarxetas, coa diferenza de que non se realizará ingreso na tarxeta

4.9. Tarifas. Establécense as seguintes comisións, polos conceptos igualmente indicados a continuación:

Comisión de alta ou duplicado de tarxetas: 12 euros por cada tarxeta.

Comisión de servizo e carga de tarxeta.

Polo envío de SMS ao número de móbil do usuario indicado para cada Tarxeta polo CONCELLO DE VIGO facilitando o seu PIN e confirmando o Saldo Ingresado: Comisión do 3% do importe correspondente á carga da tarxeta cun mínimo de 0,75 euros por cada operación.

O duplicado dunha tarxeta estará suxeito á mesma comisión que a súa alta orixinal sempre que sexa por roubo, extravío ou deterioro da mesma.

Todas estas comisións aplicaríanse na conta base, titularidade do CONCELLO DE VIGO, que este mantén na entidade bancaria colaboradora.

O Departamento de Benestar Social recibirá da entidade colaboradora, con carácter trimestral, unha relación de cargo por comisións e outros gastos de cada un dos beneficiarios. A 21 de de-

de decembro de 2011 tamén remitirá a relación de tódolos cargos que por estes conceptos se teñan efectuados.

4.10. Xustificantes. O Departamento de Benestar Social recibirá da entidade colaboradora, con carácter trimestral, a relación de cargo de uso de cada tarxeta. A 21 de decembro de 2011 tamén emitirá a relación de tódolos cargos das tarxetas durante a súa vixencia, na que se fará constar que a subvención foi utilizada para o programa "Bono – Taxi".

5.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Cada unha das partes cumprirá estritamente todas as obrigas e deberes que, con arranxo ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante, "LOPD"), no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento da LOPD, e nas demais disposicións normativas aplicables en materia de protección de datos de carácter persoal, que respectivamente lles incumban en relación cos datos concernentes a persoas físicas que sexan recollidos e/ou tratados no eido do presente Convenio.

Conforme co estipulado no parágrafo precedente da presente cláusula, e respecto aos datos concernentes a persoas físicas que comunique á entidade bancaria colaboradora no eido do presente Convenio, o CONCELLO DE VIGO garante de forma expresa:

- Que os únicos datos de carácter persoal que o CONCELLO DE VIGO comunicará á entidade bancaria colaboradora serán os de nome, apelidos e número de teléfono móbil de cada unha das persoas a favor da cal solicite a emisión da TARXETA.
- Que o CONCELLO DE VIGO unicamente efectuará esta comunicación de datos de carácter persoal á entidade bancaria colaboradora mediando a previa, expresa e inequívoca autorización para iso de cada unha das persoas titulares de tales datos, autorización que, polo tanto, o CONCELLO DE VIGO se compromete e obriga a conseguir e obter en todo caso, nos termos previstos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o seu Regulamento de desenvolvemento.
- Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade bancaria colaboradora constará por escrito e recollerá, ademais da data na que se outorgue e a sinatura da persoa que a conceda, unha declaración desta última axustada ao modelo que se indica a continuación:

"Eu, Don/Dona [nome e apelidos da persoa que concede a autorización], con D.N.I. número, quedo informado/a de que, por virtude do Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), esta última é a entidade financeira emisora das Tarxetas Prepago das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido de axuda social ao discapacitado. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA) coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilízalos para emitir ao meu favor, estampar e gravar a correspondente Tarxeta Prepago da marca VISA --Tarxeta Prepago cunha titularidade que corresponderá, para todos os efectos, ao CONCELLO DE VIGO --, así como para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe na Tarxeta Prepago citada, todo iso conforme co estipulado no Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCE-

LLO DE VIGO e (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), anteriormente mencionado. Quedo así mesmo informado de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO a (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), poderei exercitar, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente de (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), no seguinte enderezo: .”

- Que as autorizacións obtidas polo CONCELLO DE VIGO segundo o precedentemente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas polo CONCELLO DE VIGO e encontraranse en todo momento a disposición da Entidade bancaria colaboradora.

Pola súa parte, a entidade bancaria colaboradora expresamente garante respecto dos datos de carácter persoal que lle comunique o CONCELLO DE VIGO no eido do presente Convenio, que tratará e utilizará estes datos con arranxo ao establecido na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que non os comunicará a terceiros, que aplicará respecto deles as medidas de índole técnica e organizativas que garantan a seguridade de tales datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, e que os utilizará unicamente e exclusivamente para os efectos previstos no modelo de autorización que figura na anterior alínea c) da presente Cláusula. En consecuencia, o tratamento e/ou a utilización pola entidade bancaria colaboradora dos referidos datos para calquera finalidade distinta das expresadas requirirá do previo e inequívoco consentimento dos titulares dos datos, nos termos establecidos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007.

O CONCELLO DE VIGO responderá e manterá indemne á entidade bancaria colaboradora de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse á Entidade bancaria colaboradora a causa do incumprimento polo CONCELLO DE VIGO das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao establecido na presente cláusula. Do mesmo xeito, a entidade bancaria colaboradora responderá e manterá indemne ao CONCELLO DE VIGO de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse ao CONCELLO DE VIGO por causa do incumprimento pola entidade bancaria colaboradora das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao que na presente cláusula se establece.

6.- EXCLUSIVIDADE

Durante a vixencia do presente Convenio, a área de Servizos Sociais do CONCELLO DE VIGO comprométese a non formalizar un acordo similar ao presente, para a emisión de tarxetas ou outros medios de pago, con outras entidades financeiras para o mesmo fin.

7.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente Convenio, facultará á outra parte para resolvelo anticipadamente e para esixir a indemnización que, no seu caso, lle poida corresponder polos danos e prexuízos que puidesen terse ocasionado.

8.- VIXENCIA

O presente Convenio terá unha duración inicial DUN (1) ano a contar dende o momento da súa sinatura.

9.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten a natureza xurídica de contrato privado ao abeiro do artigo 20 da LCSP polo que debe rexerse en canto a súa preparación e adxudicación polas súas normas específicas, pola Lei de contratos do sector público (LCSP) e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo.

En canto aos seus efectos e extinción rexirase polo dereito privado.

POLO CONCELLO DE VIGO.

POR ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA

5(435).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL. EXPTE. 70956/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.03.12, o informe de fiscalización, do 16.03.12, e de acordo co informe-proposta, do 19.03.12, asinado pola técnica de Servizos Sociais, a xefa do Servizo de Igualdade, a xefa do Servizo de Normalización Lingüística e conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada de Xuventude e Igualdade, o concelleiro-delegado de Normalización Lingüística, a concelleira delegada de Economía e Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis, CIF.: G36791960 para o desenvolvemento dun proxecto de intervención psicopedagóxica, lúdica e social para nenos e nenas de seis a doce anos do barrio de Teis, coa realización das actuacións concretas que figuran no convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 27.100.- (vintasete mil cen) euros, importe total do citado convenio, que se fará con cargo ás seguintes partidas e do xeito seguinte:

- 18.900.- € con cargo á partida 2310.226.09.07. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación.
- 5.200.- € con cargo á partida 2311.227.99.06 de Igualdade ou a súa bolsa de vinculación, e
- 3.000.- € con cargo á partida 1692.227.99.04 de Normalización Lingüística ou a súa bolsa de vinculación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL

En Vigo, a de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte D^a Isaura Abelairas Rodríguez, Concelleira - Delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas de Benestar do Concello de Vigo, D^a M^a Jesús Lago Rey, Concelleira – Delegada das áreas de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude e D. José Manuel Fernández Pérez, Concelleiro – Delegado de Deportes e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, nomeados por decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo, na súa calidade de Presidente do Plan Comunitario de Teis, nomeado o 24 de marzo de 2004 e segundo consta no artigo 30 dos estatutos da asociación que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A asociación Plan Comunitario de Teis, ten entre os seus obxectivos fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais; desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura e benestar, así como, fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten e realizar todo tipo de intervención lexítima para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

II.- Dende o Concello de Vigo se sabe que as accións desenvolvidas para a atención da infancia en situación de risco dende equipos multidisciplinares relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, os servizos de xuventude e a propia familia, estánse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

A Constitución Española, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, aos nenos e ás nenas e á mocidade, no canto aos dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificada polo Reino de España.

O Estatuto de Autonomía de Galiza, Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81) determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (art. 27.23). Asímesmo, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e da adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción

de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto. 3 dí que: os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No seu artigo 3º, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais -, no pto g) inclúese "promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social".

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dí no seu Título II Da Infancia e a adolescencia, artigo 38- principios reitores -, no canto á primacía do interese da ou do menor sobre calquera outro (apartado a) e a cooperación, a colaboración e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións públicas ou privadas, que interveñan na protección e a defensa da infancia e da adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social(apartado l).

III.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social, e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a evitar a inadaptación e a exclusión social de menores en situación de risco, artellando a incorporación das nenas e nenos con procesos de socialización deficitarios á estrutura social. As accións de carácter preventivo para abordar situacións de inadaptación social, en concreto, as dirixidas á infancia, téñense amosadas como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar a necesidade de continuar con elas.

IV.- De acordo con todo o anterior, as entidades que interveñen conclúen o presente convenio cuxo obxecto é fixar os termos da colaboración entre as partes para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos do barrio de Teis, preferentemente, a través de apoio psicopedagóxico, lúdico e social tentando prevenir situacións de risco mediante a execución das actividades que se describen a continuación no pacto primeiro.

V.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Plan Comunitario de Teis queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por figurar excluído no artigo 4 do citado texto refundido.

VI.- A asociación Plan Comunitario de Teis áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social da cidadanía e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a situación dos/as menores en risco social, lembran subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a colaborar coas Concellerías de Política de Benestar, Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos, preferentemente, do barrio de Teis, mediante unha serie de actuacións centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer enmarcadas en diferentes áreas:

- Área 1: Apoio educativo mediante a realización de actividades que lles permitan adquirir valores, actitudes e habilidades sociais útiles nas relacións interpersonais.*
- Área 2: Apoio escolar que consistirá na adquisición de hábitos de estudo mediante a realización das tarefas escolares coa supervisión de persoal especializado e a posible colaboración de voluntarios/as.*
- Área 3: Espazo de xogo dirixido, actividades lúdico-educativas, propiamente ditas.*
- Área 4: Integración nas actividades de lecer que se levan a cabo no Plan Comunitario de Teis.*
- Área 5: Achegamento á lingua e cultura galega.*

O Plan Comunitario de Teis comprométese, ademáis, con carácter transversal a todas as accións de apoio, incorporar cos nenos e nenas unha perspectiva de xénero na que se traballe, entre outros aspectos, o fomento da corresponsabilidade doméstica, a visibilidade das achegas das mulleres á Historia, as desigualdades de xénero que aínda perduran na nosa sociedade e a eliminación de roles e estereotipos sexistas. Incorporar no equipo técnico persoas con formación en xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e favorecer a formación continua neste eido a todo o equipo.

Asimesmo, na redacción de textos, materiais gráficos e contidos das actividades utilizarase unha linguaxe e imaxes non sexistas e empregaránse guías e demais ferramentas educativas e lúdicas que promovan a coeducación entre as nenas e os nenos.

Serán destinatarios directos do proxecto os nenos e nenas de 6 a 12 anos do barrio de Teis, derivados polo equipo do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, polas profesionais de Atención Primaria do Concello de Vigo, polos centros educativos da cidade e polo Centro de Información á Muller do Concello de Vigo.

Asimesmo, a experiencia acumulada do traballo realizado no barrio de Teis, constata unha demanda crecente na poboación de orixe estranxeira, especialmente no colectivo de mulleres inmigrantes no que concorren características que o convirte nun colectivo extremadamente vulnerable: o feito de ser muller, inmigrante, e traballadora son feitos que illados xa son considerados factores de vulnerabilidade, pero unidos fan soportar a este colectivo unha situación de múltiple marxinación.

O Plan Comunitario de Teis comprométese a traballar con este colectivo desde unha perspectiva de xénero, integrando ás mulleres inmigrantes residentes no barrio a través da alfabetización, da procura da súa visibilización, do fomento da solidariedade, da mellora das súas destrezas comunicativas, e desenvolvendo de xeito transversal a todos os contidos, o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Así, este programa de integración para mulleres de orixe estranxeira que se inclúe no marco deste convenio cumpre os obxectivos do "IV Plan de Igualdade Integral municipal de oportunidades entre mulleres e homes" aprobado pola corporación municipal para o período 2009/2012, xa que este documento propón unha serie de actuacións na área de Atención á Diversidade, que teñen como obxectivo eliminar as dobres e triplas discriminacións de xénero: edistas, racistas, diversidade funcional, mulleres prostituídas..., porque aínda que o feito de ser muller supón

a existencia de desigualdades de xénero, é importante considerar que coexisten diferentes discriminacións en función do colectivo de mulleres que corresponda.

Asimesmo, O Consello Social da Lingua aprobou o Plan de dinamización da lingua galega, no que se determina como sector prioritario de actuación a inmigración. Dar a coñecer e promover a lingua galega entre as persoas inmigrantes é un dos obxectivos marcados para este sector, no que ten que han de comprometerse tanto o Concello como as asociacións de inmigrantes e organizacións sociais cara a acadarmos a pretendida integración deste colectivo. Esta integración ha de se traballar con especial interese entre as mulleres e os cativos e cativas promovendo accións de sensibilización e dinamización con metodoloxías de animación sociocultural cara a achegar a todas estas persoas ao coñecemento da cultura e lingua galegas.

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a prestar os servizos e a desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social, coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de responsabilidade civil.

Segundo.-

O presente convenio de colaboración terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2012.

Quedan incluídas no presente convenio todas as accións realizadas dende o 1 de xaneiro do presente ano.

A dotación económica para a execución dos proxectos e servizos obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

A dotación económica para a totalidade do convenio será de 27.100.- (vinte sete mil cen) euros, a financiar con achegas de tres concellerías:

- *A Concellería de Política de Benestar Social aporta unha cantidade de 18.900.- (dezaoito mil novecentos) euros con cargo á partida 2310.226.09.07 – programa menores - convenio infancia, ou a súa bolsa de vinculación.*
- *A Concellería de Igualdade aporta unha cantidade de 5.200.- (cinco mil douscentos) euros, con cargo á partida 2311.227.99.06, ou a súa bolsa de vinculación, e*
- *A Concellería de Normalización Lingüística aporta unha cantidade de 3.000.- (tres mil) euros con cargo á partida 1692.227.99.04, ou a súa bolsa de vinculación.*

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- *Un 50% do importe total do convenio, á sinatura do convenio. O importe correspondente a este 50%, isto é 13.550.- € será con cargo á partida de Benestar Social. Tendo en conta o disposto pola Base 38.7 das de Execución do Orzamento, aplicable por analoxía e o concorrer na beneficiaria razóns de interés social e ser, ademais, a entidade unha asociación non lucrativa adicada a desenvolver programas con fines sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas para realizar con seus propios medios, dende o principio, a actividade programada.*

Por outra banda, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías (aplicación analóxica do art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia).

- *Un 25% adicional, no mes de maio de 2012. O importe deste 25%, 6.775.-€ aboaráse contra as partidas de Benestar Social (5.350.-€) e o resto contra a partida de Normalización Lingüística (1.425.-€).*
- *O 25% restante, contra a xustificación do total do gasto realizado ata a data de finalización do convenio e presentación da memoria anual. Este importe aboarase contra as partidas de Igualdade (5.200.-€) e Normalización Lingüística (1.575.- €).*

Os abonos, excepto o primeiro, realizaranse coa presentación dunha memoria parcial ou total acreditativa da realización do proxecto e os seus custos, con relación de gastos e ingresos.

A técnica responsable do Departamento de Benestar Social, será a encargada do seguimento das actividades do convenio e acreditará con cada un dos pagos, agás o primeiro, mediante un informe - certificación o cumprimento do mesmo. Os gastos a xustificar serán os realizados desde o 1 de xaneiro de 2012 ata a data de finalización do convenio.

Terceiro.-

As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa das entidades que asinan se respete en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte da poboación usuaria da mesma e por parte da cidadanía en xeral.

Cuarto.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha comisión de seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- *A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.*
- *A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.*
- *A supervisión dos procesos de coordinación cos servizos sociais de atención primaria, informes de seguimento e avaliación do seu desenvolvemento.*
- *A realización de cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*

A tal fin, dita comisión de seguimento estará integrada por catro representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un/unha representante do Concello de Vigo.

Por parte do Concello os representantes serán: a Concelleira-Delegada de Políticas de Benestar ou persoa en quen delegue que actuará como presidenta e as técnicas dos Departamentos de Igualdade, Normalización Lingüística e Políticas de Benestar responsables do proxecto. Ésta última actuará como secretaria.

A comisión de seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Quinto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e actuacións con profesionais asignados a tal fin.

A entidade asociación Plan Comunitario de Teis poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis coordinarase coas profesionais que están a traballar no programa de intervención familiar do Departamento de Benestar Social, así como coas traballadoras sociais de atención primaria naqueles casos onde se estea intervindo conxuntamente e, naqueles casos onde se considere necesaria unha intervención máis específica. Dita coordinación será pautada por ambas as partes segundo as necesidades.

Sétimo.-

Calqueira incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e a devolución das cantidades percibidas.

En especial, procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- *Incumprimento total ou parcial das obrigas respecto da actividade ou proxecto obxecto do convenio.*
- *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos relativos ás actividades obxecto do convenio.*
- *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro sobre os gastos efectuados para as actividades do convenio, incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ao cumprimento do obxectivo do convenio.*
- *Do exceso percibido sobre o custo da actividade do convenio.*

Cando o incumprimento das actividades obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade convenida, traducible a termos económicos en función do proxecto e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento dos obxectivos do convenio, procederá o reintegro da cantidade que, no seu caso, fora abonada na mesma proporción.

Oitavo.-

A entidade asociación Plan Comunitario de Teis está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de

decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A referida Fundación poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Políticas de Benestar Social do Concello de Vigo.

Noveno.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público, rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e legoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

A Concelleira–delegada das Áreas
de Cultura, Festas e Políticas de Benestar

A Concelleira–delegada das Áreas de
Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade

Isaura Abelairas Rodríguez

M^a Jesús Lago Rey

O Concelleiro-delegado das Áreas de
Normalización Lingüística e Deportes

O Presidente do Plan Comunitario
de Teis

José Manuel Fernández Pérez

Eduardo García Crespo

6(436).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.399,67 € A FAVOR DE “ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5. S.L.U.” POLO SERVIZO DE REDUCCIÓN DE DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 72317/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.04.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 9.04.12, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.399,67 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, pola prestación dos servizos do programa de redución do dano en medio aberto durante o mes de marzo de 2012.

2º.- Imputar o gasto de 5.399,67 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, minorando dito importe do RC 201200006299 de 16.199,01 euros.

7(437).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 41.960,43 € A FAVOR DE “FUNDACIÓN ALDABA” POLOS SERVIZOS DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA DURANTE O MES DE MARZO DE 2012. EXPTE. 72315/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.04.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 9.04.12, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 euros, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, Cif. G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia durante o mes de marzo de 2012

2º.- Imputar o gasto de 41.960,43 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia”, minorando dito importe do RC 201200006300 de 125.890,62 euros.

8(438).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO PECHE NOCTURNO DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE USO MIXTO DA AVDA. CASTELAO. EXPTE. 3816/241.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.03.12, conformado polo concelleiro delegado de Tráfico e Seguridade e o xefe da Área de Contratación, coa modificación proposta por este último en dilixencia de data 26.03.12, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*

- *Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17 de xullo de 1955.*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

D. Gonzalo Vázquez Rodríguez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en data 9 de marzo de 2012, solicita do órgano de contratación do Concello de Vigo, que se autorice o peche nocturno e de fin de semán do aparcadoiro da avenida de Castelao.

Co fin de determinar a procedencia do mesmo recabouse informe técnico ó departamento municipal con competencias na materia. Así consta no expediente, Informe do Sr. Xefe de Área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de data 20 de marzo de 2012.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao á favor da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., segundo prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

Segundo.- Tras a finalización das obras de construción, o aparcadoiro da Avenida Castelao foi aberto o uso público o día 8 de novembro de 2010.

Segundo expón a mercantil concesionaria "Tras haberse cumprido o primeiro ano de explotación do Aparcadoiro da Avenida de Castelao constátase que:

- *Os ingresos por rotación e abonos non son suficientes para satisfacer o custo de persoal, e moito menos para cubrir o total dos custos de explotación.*
- *Aínda que as instalacións mantivéronse abertas de forma continua, comprobouse unha moi escasa demanda do servizo de rotación en horario nocturno, sábados pola tarde, domingos e festivos (...)"*

Estes datos determinan, o seu xuízo, a insostenibilidade do servizo nas actuais condicións e en consecuencia solicitan que se lles autorice de forma temporal o peche nocturno, de 23 horas a 7 horas, e de fin de semán das intalacións con excepción do día de fin de ano e das festas do barrio, ata que se cumpran os niveis de ocupación que garantan coas tarifas actuais cubrir os custos de explotación do aparcadoiro nun horario ininterrompido de 24 horas. Estes valores de ocupación serían os seguintes:

- *En días laborables (de 7h a 23h): 180.000 horas anuais.*

- *En sábados pola mañá (de 7h a 15h): 15.000 horas anuais.*

En caso de que se lles autorice o peche se comprometen, incorporando os medios de automatización oportunos pola súa conta:

- *A garantir a saída de calquera vehículo ou persoa que se atope no interior do Aparcadoiro, independentemente do horario.*
- *A continuidade do servizo prestado a abonados e propietarios de dereitos de cesión de uso, que poderían acceder e saír do aparcadoiro sen restrición horaria algunha.*
- *A sinalizar adecuadamente os accesos pechados.*
- *A conectar os puntos actuais de interfonía co Control do Aparcadoiro de Genaro da Fonte, atendendo calquera incidencia, e a monitorizar permanentemente as instalacións.*

O xefe de Área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, en data 20 de marzo de 2012, informa favorablemente o peche nocturno de 23 horas a 7 horas. Non entanto, non considera apropiado pechar as tardes dos sábados nin os domingos e festivos "atendendo a razóns de servizo público e especialmente a que algún destes días por razóns non previsibles por actos, festividades, actos deportivos e outros non sería facilmente xustificable que se mantivera pechado".

Terceiro.- As corporacións locais ostentan a potestade de organizar os servizos públicos da súa competencia de acordo co interese público que teñen a obriga de tutelar (artigo 3 LRJAP), aínda que os mesmos se xestionen a través dunha das formas de xestión indirecta que admite a nosa lexislación contractual, como no presteite suposto. No caso da concesión, a corporación concedente, ostenta, entre outras potestades, a de determinar variacións na calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que o servizo consista (artigo 127.1.a RS).

No caso que nos ocupa, e dado que a explotación do aparcadoiro obxecto da concesión co horario establecido non cubre os custes de explotación por mor da escasa rotación de usuarios, parece razoable que a administración municipal coadyuve ó concesionario a reducir os seus custes.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Autorizar o peche nocturno do aparcadoiro da Avenida de Castelao de 23 a 7 horas, subordinado ó cumprimento das seguintes obrigas:

- 1. Garantir a saída de calquera vehículo ou persoa que se atope no interior do Aparcadoiro, independentemente do horario.*
- 2. Garantir a continuidade do servizo prestado a abonados e propietarios de dereitos de cesión de uso, que poderán acceder e saír do aparcadoiro sen restrición horaria ningunha.*
- 3. Sinalizar adecuadamente os accesos pechados.*
- 4. Conectar os puntos actuais de interfonía co Control do Aparcadoiro de Genaro da Fonte, atendendo calquera incidencia, e a monitorizar permanentemente as instalacións.*

2º.- Esta autorización e de carácter temporal e será deixada sen efecto no momento no que se acaden os seguintes valores de ocupación:

- En días laborables (de 7h a 23h): 180.000 horas anuais.
- En sábados pola mañá (de 7h a 15h): 15.000 horas anuais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(439).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DUN SISTEMA DE RADIOCOMUNICACIÓNS DE VOZ E DATOS PARA ENLAZA-LOS DIVERSOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 33606/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.04.12, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30.03.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a TALLERES ELÉCTRICOS DE PONTEVEDRA, SOCIEDADE COOPERATIVA o procedemento aberto para a contratación dun sistema de radiocomunicacións de voz e datos, para enlaza-los diversos servizos do Concello de Vigo, con base na filosofía de asignación dinámica de frecuencias (Sistema Trunking). EXPTE. 33606-212 por un prezo total de 87.373,20.- euros (IVE incluído) e as seguintes prestacións adicionais:

Propón como custe anual por terminal o de 309 euros.

Propón adicar ó contrato 25 canles.

Comprométese a que en caso de desbordamento do sistema poidan utilizarse 10 canles.

Comprométese a responder ante avarías graves en 30 minutos.

Comprométese a responder ante avarías leves en 90 minutos.

Comprométese a adicar 60 horas anuais á formación.

Comprométese a adicar 700 horas anuais á asistencia técnica.

Propón a ampliación de canais adicados a este contrato en 10 canles.

Oferta Chamadas a PABX: si

O almacén de repostos está situado en ponte Bora, 24 Pontevedra.

Propón un prezo unitario por subministro e instalación de antena de 80 euros.

Propón un prezo unitario por subministro e instalación de batería de 20 euros.

Entrega gratuitamente ó concello 30 baterías.

Entrega e instala gratuitamente ó concello 40 antenas.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

10(440).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA ORGANIZAR A “III PROBA OPEN IBÉRICO DE CICLISMO-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO SENIOR, MASTER E VETERANOS”, O VINDEIRO 22.04.12. EXPTE. 11197/333.

Visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.04.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo, a organizar o vindeiro 22 de abril de 2012 a organizar a III PROBA OPEN IBÉRICO DE CICLISMO-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO SENIOR, MASTER E VETERANOS. A carreira comezará as 10.00 horas e rematará ás 13.00 horas aproximadamente, cun percorrido de dúas voltas, en total 19,2 quilómetros, por un circuío Navia-Bouzas-Samil-Navia.

11(441).- MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA ANUALIDADE 2012 EN DOUS CONTRATOS (LOTES A E B) DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS AOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS FUNCIÓNS CATASTRAIS. EXPTE. 1763/500.

Dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 9.04.12, conformado polo interventor xeral e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 31 de maio de 2011, en virtude de expediente 899/500 a Xunta de Goberno Local adxudicou a Servizos de Colaboración Integral S.L. a contratación do Lote A zona Leste do Servizo de Colaboración cos Servizos municipais de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeorreferenciados por un prezo total de 697.380 euros, sendo o prazo do contrato 3 anos prorrogables por outros 3. O importe anual máximo para 2012 que corresponde a este contrato é de 232.460 euros.

Con data de 31 de maio de 2011, en virtude de expediente 899/500 a Xunta de Goberno Local adxudicou a Longo Ansa y Asociados S.L. a contratación do Lote B zona Oeste do Servizo de Colaboración cos Servizos municipais de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeorreferenciados por un prezo total de 697.380 euros, sendo o prazo do contrato 3 anos prorrogables por outros 3. O importe anual máximo para 2012 que corresponde a este contrato é de 232.460 euros.

Esta Dirección de Ingresos estimou para este exercicio 2012 que os traballos obxecto dos dous contratos asinados, no que se refire a expedientes de altas catastrais, non chegaran ao nivel do

exercicio 2011 e, en consecuencia a previsión do importe necesario para a cobertura destes contratos no exercicio actual alcanzaría so a 220.000 euros para cada un.

Manifestada esta previsión aos dous contratistas adxudicatarios dos contratos que se derivaron do expediente de adxudicación 899/500, mostran a súa conformidade en documentos que constan no presente expediente.

No proxecto do Presuposto do exercicio 2012 partida 93102279902 figura a cantidade de 440.000 euros en lugar dos 464.920 euros que correspondían para esta anualidade segundo os contratos asinados.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos formula a seguinte Proposta á Xunta de Goberno Local:

Modificar os contratos subscritos con Servizos de Colaboración Integral S.L. e Longo Ansa y Asociados S.L. de data 27 de xuño de 2011 para a Colaboración cos Servizos municipais de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeorreferenciados no sentido de reducir para a anualidade de 2012 o importe de 232.460 euros de cada contrato ata 220.000 euros (a partida 93102279902 quedará co importe total de 440.000 euros). A porcentaxe de redución desta anualidade é dun 5,36%, 1,78% do importe total de cada contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(442).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M^a DE LAS NIEVES VILAS PIÑEIRO CONTRA AS BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA “IMOS TRABALLAR 2”. EXPTE. 8815/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario de Administración Municipal, do 17.04.12, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 22 de marzo de 2012 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello recurso potestativo de reposición (documento nº 120033326) interposto por D^a MARIA DE LAS NIEVES VILAS PIÑEIRO contra a convocatoria de diversas prazas de persoal interino para o proxecto IMOS TRABALLAR II.

2. Con data 24 de febreiro 2012, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo aprobando a convocatoria urxente do proceso de selección de 1 Director, 1 Técnico, e un Auxiliar administrativo para a xestión do proxecto “Imos Traballar 2”, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as bases específicas rectoras do proceso selectivo publicado no diario Faro de Vigo o 28 de febreiro de 2012.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O recurso de reposición presentado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; en consecuencia, cómpre admitilo a trámite e proceder á súa resolución.

II.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, recolle no seu artigo 10,1,c) a figura do funcionario interino, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, para a execución de programas de carácter temporal.

III.- No seu recurso a interesada demanda a anulación das bases da convocatoria e a redacción e publicación de outras novas alegando: a) Que non aparece motivada a necesidade e urxencia da contratación. b) A non regulación dos méritos para o acceso á praza de auxiliar administrativo, c) O establecemento de dúas puntuacións diferentes para o terceiro exercicio e d) Incumprimento do RDL 896/1991, sobre o temario da fase de oposición para a praza de Auxiliar Administrativo.

a) En relación coa necesidade e urxencia da contratación no informe proposta do xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2 de novembro, conformada polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, obrante no expediente, establécese que “Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 39/2010, de 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011 (BOE de 23 de decembro seguinte), non se procederá a contratación de persoal temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. No presente suposto, a selección proposta cumpre o requisito legal da necesidade urxente e inaprazable contida no artigo 23. Dous da cita norma orzamentaria, toda vez que a prestación dos servizos de asistencia social e de promoción e reinserción social constitúe competencia mínima obrigatoria dos Concellos (artigo 25.2, apartado k) da Lei 7/1985, do 2 de abril)”, motivando que a Xunta de Goberno do 24 de de 2012, acorde a convocatoria “urxente” do proceso de selección.

b) Sobre a non regulación dos méritos para o acceso á praza de auxiliar administrativo compre dicir que utilizar o sistema de oposición ou concurso oposición e unha cuestión discrecional para a Administración, que neste caso opta pola oposición no caso do nomeamento de Auxiliar administrativo, constituindo un erro material nas bases que onde din: O sistema de selección será o de concurso-oposición libre, deben dicir: O sistema de selección será o de concurso-oposición libre, agás no caso do Auxiliar Administrativo, que será o sistema de oposición.

c) Sobre o establecemento de dúas puntuacións diferentes para o terceiro exercicio tamén é un erro nas bases, que onde din: A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos, deben dicir: A cualificación do terceiro será de 0 a 3 puntos.

d) En relación coa alegación do incumprimento do RDL 896/1991, do 7 de xunio, sobre o temario da fase de oposición para a praza de Auxiliar Administrativo, hai que ter en conta que no que respecta á selección de funcionarios interinos o artigo 10 do EBEP esixe que se realice mediante procedementos áxiles que respondan aos principios de igualdade, mérito e capacidade, pero non regula un procedemento concreto para a realización de esa selección. En parecidos termos se regula a selección dos funcionarios interinos na disposición adicional do mesmo RDL 896/1991.

IV. De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

V. Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para

a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.-Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a MARIA DE LAS NIEVES VILLAS PIÑEIRO contra a convocatoria de diversas prazas de persoal interino para o proxecto IMOS TRABALLAR II (documento nº 120033326 de rexistro de entrada) , en atención aos fundamentos xurídicos expresados.

SEGUNDO. Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as bases específicas rectoras do proceso selectivo para a convocatoria de diversas prazas de persoal interino para o proxecto IMOS TRABALLAR II, aprobadas na Xunta de Goberno de data 24 de febreiro 2012, efectuando as seguintes correccións:

Onde di: O sistema de selección será o de concurso-oposición libre, debe dicir: O sistema de selección será o de concurso-oposición libre, agás no caso da praza de Auxiliar Administrativo, que será o sistema de oposición.

Onde di: A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos, debe dicir: A cualificación do terceiro será de 0 a 3 puntos.

TERCEIRO. Notifíquese o presente acordo á interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(443).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS INTEGRANTES DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR 2”. EXPTE. 8810/77.

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 9.04.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear como integrantes do órgano de selección do equipo directivo do proxecto “Imos Traballar 2” ás persoas e estrutura seguinte:

Para o posto de “Director/a”:

Presidente: Francisco J. Gutiérrez Orúe.
Suplente: Albino Rodríguez Ferreira
Secretaria: Rosa M^a Otero Malvárez

Suplente: Marta Alonso Posada
Vocais: Juan Zaragoza Bastos
Xose Lois Romero Falqué
Jose Carlos Montemuiño Santos

Suplentes: Monica Dominguez Estévez
Ana Martín Herrero
Antonio Vivero Mijares

Para o posto de “Técnico/a de Xestión Económica”:

Presidente: Francisco J. Gutiérrez Orúe.
Suplente: Albino Rodríguez Ferreira
Secretaria: Marta Alonso Posada
Suplente: Rosa M^a Otero Malvárez
Vocais: Juan Zaragoza Bastos
Jose Carlos Vázquez Miguez
Jose Carlos Montemuiño Santos

Suplentes: Monica Dominguez Estévez
Mónica Freire Miguens
Antonio Vivero Mijares

Para o posto de “Auxiliar Administrativo”:

Presidente: Francisco J. Gutiérrez Orúe.
Suplente: Albino Rodríguez Ferreira
Secretaria: Purificación Bernardez Martínez
Suplente: Rosa M^a Otero Malvárez
Vocais: Juan Zaragoza Bastos
Mónica Freire Miguens
Laura Amez Muras

Suplentes: Monica Dominguez Estévez
Josefa Fernández De Castro
Manuel Bueno Heredia

14(444).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR BLUECROSS PARAFARM VIGO CONTRA A DENEGACIÓN DE AXUDA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, CONVOCATORIA 2011. EXPTE. 8516/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.04.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A través de recurso de reposición presentado no Rexistro da Xunta o 21 de marzo de 2012 co número 49565 (Rexistro de entrada no Concello de Vigo o 2 de abril de 2012 e co número de documento 120036398) pola empresa BLUECROSS PARAFARM VIGO, S.L. con NIF B2775428S, solicitante do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas convocatoria 2011 solicita

"que se tengan en conta todas as consideracións anteriormente expostas, a revisión e a tramitación encamiñada a súa aprobación, si concurren todos os demais requisitos das Bases Reguladoras do expediente de solicitude de axuda Muniicipal de Creación de Empresas, presentado no seu día por Don Adolfo Manuel Quijano Melendro, con NIF 34872781C en nome e representación da entidade Bluecross Parafarm Vigo, S.L.. NIF B27754282,... e a estimación deste RECURSO E REPOSICIÓN interposto, dictando na súa consecuencia resolución revogatoria da dictada no seu día por a XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO..."

A parte interesada, empresa BLUECROSS PARAFARM VIGO, S.L. solicitó o Programa de Axudas Municipais á Creación de empresas convocatoria 2011 no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 1 de agosto de 2011 (documento número 110105761) ()

Comprobados os antecedentes obrantes neste servizo resulta o seguinte:

Con data 26 de agosto de 2011 o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego solicitou ao departamento de TESORERÍA do Concello de Vigo o certificado de débedas co concello de todas as empresas que solicitaron dita axuda xunto cos seus socios, en dita lista (emitida o 29 de agosto de 2011) figuraba que MANUEL ADOLFO QUIJANO MELENDRO, un dos socios da empresa BLUECROSS PARAFARM VIGO, S.L. (Expte 8516/77) tiña recibos pendentes de pago. Con data 3 de novembro de 2011 notificouselle a la empresa dita situación e a posibilidade de subsanacion.

Posteriormente, con data 2 de novembro de 2011 solicitouse, novamente, ao departamento de TESORERÍA o listado das empresas e socios que tiñan recibos pendentes, dito informe emitíuse o 3 de novembro de 2011 e nel apareceu que tiña novamente recibos pendentes de pago MANUEL ADOLFO QUIJANO MELENDRO, motivo polo que denegouselle dita Axuda.

En decembro asinouse o informe proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no que, baseándose no mencionado listado emitido polo departamento de TESORERÍA propusose a súa DENEGACIÓN alegando como motivo o código 11.1 "Ter Débedas co Concello por parte dalgún/s dos promotores" base 1ª, apartado 1.3.). Dito informe foi aprobado en Xunta de Goberno Local do 27 de decembro de 2011.

Con data 2 de febreiro de 2012 notificouselle a DENEGACIÓN de dita axuda.

En consecuencia, e dado que o informe emitido o 3 de novembro de 2012 polo departamento de Tesourería no que aparece o socio da empresa solicitante MANUEL ADOLFO QUIJANO MELENDRO que ten, novamente, recibos pendentes de pago e conforme establece as bases reguladoras do Programa de Axudas Municipais á Creación de empresas convocatoria 2011 (base 1ª, apartado 1.3.) procede a manter a resolución de DENEGACIÓN de dita subvención.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Régimen Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local no que se establece como

órgano competente á Xunta de Goberno Local, PROPOÑE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

"Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por BLUECROSS PARAFARM VIGO, S.L. con NIF B2775428S, de data 21 de marzo de 2012 (data de entrada no Rexistro na Xunta) e en consecuencia DENEGARLLE a axuda do Programa de Axudas á Creación de Empresas convocatoria 2011 co código de denegación 11.1 "Ter débedas co Concello por parte dalgun/s promotor/es".

Segundo.- Manter a resolución de DENEGACIÓN de dita axuda á empresa BLUECROSS PARAFARM VIGO, S.L. con NIF B2775428S

Terceiro.- Dese conta da presente resolución á parte interesada aos efectos oportunos

Cuarto.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 2971198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(445).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE O MES DE MARZO DE 2012. EXPTE. 8809/77.

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, o concelleiro delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, Voluntariado e Participación Cidadá, en escrito de data 10.04.12, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante o mes de marzo de 2012, que son os seguintes:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
8775/77	CM SER	Prestación de servizo de maquinaria	Elevaciones Rama, S.L.	500,32 €
8783/77	CM SER	Realización Xornadas PEMES no auditorio do Concello	Producción e Xestión Cultural, S.L.	1.766,10 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(446).- PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DA XESTIÓN DO CITIC AO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 8790/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.04.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2001, no punto 21 Expte: 777/450, da orde do día adoptou entre outros asuntos o seguinte acordo:

1º.- Asigna-la xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do programa operativo URBAN-Casco Vello ó Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, para o seu uso como Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información.

2º.- Na xestión deste Centro deberá terse en conta os seguintes condicionantes:

- Deberá estarse ó disposto no Convenio de Cesión do Edificio asinado entre o Concello de Vigo e o Bispo de Tui Vigo aprobado polo Pleno do Concello de 17-11-97 e, en concreto, no referido ó depósito das andas do Cristo da Victoria e dos ensaios da Coral da Parroquia de santa María.
- O Salón de Actos do edificio poderá ser utilizado tamén para a realización de actividades culturais e sociocomunitarias.”

Posteriormente con data 2 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local no expediente 8654/77, adoptou entre outros asuntos o seguinte acordo:

- Deixar sen efecto o acordo de asigna-la xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral rehabilitado dentro do programa operativo URBAN-Casco Vello ó Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, para o seu uso como Centro de Formación en Novas tecnoloxías da información.
- Dar conta do acordo ao servizo do Patrimonio municipal aos efectos de anotación no inventario municipal de tódolos bens que quedan neste centro segundo o anexo I que se adxunta no expediente.

Tendo constancia que o edificio do CITIC emprazado na rúa San Vicente número 3, está previsto sexa a ubicación das instalacións da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), cedidas polo Concello de Vigo mediante convenio xestionado polo servizo de Educación, é a causa pola que se propón a asignación da xestión e mantemento das instalacións ao servizo de Educación como departamento competente unha vez foi solicitado ao Patrimonio municipal a anotación no inventario municipal de tódolos bens que quedan no centro.

Por todo o anteriormente citado, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Asigna-la xestión do equipamento denominado Centro de Servicios Comunitarios I- Centro de Formación, edificio da antiga Casa Rectoral con enderezo na rúa San Vicente número 3, ao Servicio de Educación.

2º.- Dar conta do acordo ao servizo do Patrimonio Municipal aos efectos de anotación no inventario municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(447).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á COORDINADORA D^a. ANA MARÍA MOURIZ MARTÍNEZ PARA ASISTIR A SEMINARIOS CONVOCADOS DENTRO DO PROXECTO SUM EN SOFÍA. EXPTE. 8803/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Emprego e Participación Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o desprazamento os días 16,17,18 e 19 de abril de 2012 da Coordinadora Dna. Ana María Mouriz Martínez con DNI:36096763-B co número de persoal 78535.

2º.- Autorizar o gasto de acordo ó disposto no art. 185 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo importe de 888,44 € (oitocentos oitenta e oito euros con corenta e catro céntimos) a favor de Ana María Mouriz Martínez, co NIF 36096763-B con cargo nas partidas de locomoción 24102312000 e a partida de dietas de persoal 2410 2302000 partidas do servizo de emprego, polos gastos de desprazamento, estancia e manutención pola viaxe a realizar a Sofía Bulgaria para asistir aos Woksshop “Impress de Press (Media relations)” e “Your e-Image (Online presence)”, o que redundará nun mellor desenvolvemento do proxecto SUM (Sustainable Urban Mobility).

3º.- Autorizar que unha vez xeradas as partidas correspondentes ao proxecto SUM, se proceda a realización da transferencia dos gastos imputados en outras partidas ás xeradas para o proxecto, para que a totalidade de gastos a imputar á subvención estén comprendidas nas partidas afectadas para o desenvolvemento do proxecto SUM.

4º.- Autorizar a totalidade dos gastos de aloxamento, xa que os custes por lei aplicables non cubren mais que un 67% do custo de aloxamento, perdendo a técnica no desempeño das funcións de representación do Concello en relación a este proxecto poder económico, de todos os xeitos cabe sinalar que a totalidade dos gastos son imputables e financiados polo Proxecto SUM”.

18(448).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 180.537,37 € Á EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLA LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2012. EXPTE. 19467/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.03.12, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 8.03.12, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., a cantidade de 180.537,37 euros, corresponde ó adeudado á empresa perante o mes de febreiro de 2012, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupuestaria 9220.2270000.

19(449).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS ATALAIA-TEIS; COSTEIRA-SAIÁNS E STA. CRISTINA-LAVADORES, PERÍODO 2012. EXPTE. 10715/332.

Visto o informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 14.03.12, conformado pola concelleira de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar a revisión do prezo do contrato da xestión de escolas infantís de Atalaia-Teis; Costeira-Saiáns e Sta Cristina-Lavadores polo período revisión agosto 2010-agosto de 2011, para aplicar no periodo 10 de setembro de 2011- 9 de setembro de 2012, polos seguintes importes:

E.I. Atalaya Teis:	210.096,72 euros/ano.
E.I. Costeira- Saians	208.100,42 euros/ano.
E.I. Sta. Cristina Lavadores	218.711,73 euros/ano.

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo periodo entre o 10 de setembro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011 a cantidade total de 4.882,89 euros.

E.I. Atalaya Teis:	1.610,61 euros.
E.I. Costeira- Saians	1.595,07 euros.
E.I. Sta. Cristina Lavadores	1.677,21 euros.

3º.- Aceptala renuncia expresa da adxudicataria, a percibir a cantidade que resulte do incremento de prezo resultante desta revisión para o periodo 1 de xaneiro 2012 a 9 de setembro de 2012, según escrito de data 20 de febreiro de 2012, nº de documento 120019886.

4º- En canto o periodo de 10 de setembro de 2012 ata 31 de decembro de 2012 a renuncia abarcará o importe á revisión IPC periodo agosto 2011- agosto 2012.

20(450).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR REALIZADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2012. EXPTE. 35599/212.

En cumprimento coa base 31ª das Bases de execución do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Tranportes, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de contratos menores realizados pola Policía Local durante o primeiro trimestre do ano 2012, que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
35273-212	1320.2279904	SER	Apoio xurídico á Policía Local	Carlos E. Borrás Sanjurjo	24/01/12	06/02/12	6.088,80 €
35302-212	1320.2219900	SUM	Adquisición munición	Armería ACP	31/01/12	08/02/12	5.400,00 €
35319-212	1320.2200100	SUM	Adquisición libros lexislación		02/02/12	14/02/12	500,00 €
35240-212	1320.2279900	SER	Mantemento preventivo etilómetros	Dräger Safety Hispania	24/01/12	01/02/12	2.406,93 €
35036-212	1320.2279902	SER	Mantemento preventivo porta automática da Xefaura	Puertas Noroeste	31/01/12	08/02/12	524,70 €
35316-212	1320.2200101	SUM	Material didáctico Educación Vial		02/02/12	14/02/12	6.000,00 €
35288-212	1320.2269901	SER	Revisións periódicas equipos medición	L.O.M.G.A.	26/01/12	06/02/12	5.000,00 €
35291-212	1320.2219900	SUM	Adquisición material para operatividad del servicio		27/01/12	06/02/12	18.000,00€
35240-212	1320.2270602	SER	Recollida mostras saliva para detección drogas	Dräger Safety Hispania	11/01/12	27/01/12	5.782,00 €
35296-212	1320.2130000	SER	Reparación e mantemento material diverso		30/01/12	08/02/12	9.000,00 €
35297-212	1320.2260400	SER	Representación procesal		30/01/12	08/02/12	3.000,00 €
35346-212	1320.2240000	SER	Seguro colectivo de RC do PIT do Castro	Correduría Seguros Artai	07/02/12	05/03/12	2.693,83 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(451).- RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 2109/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 20.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “Renovación do saneamento na Rúa Enrique Lorenzo ”, por un importe total de 232,437,89 € ”, con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Autorizar á empresa “Aqualia ”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, según o establecido na cláusula terceira do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

22(452).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS. EXPTE. 2124/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.04.12, que di o seguinte:

Obra: HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE II. Expte. 2017 /443

Localidade e situación: RÚA ARAGÓN

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN NÍGUEZ E ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: ORECO, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN NÍGUEZ E ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: ORECO, S.A. (Beatriz Iglesias Fernández)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Dª SILVIA CASTRO ARES (Enmacosa) Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ORECO, S.A.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE II*
2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ORECO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(453).- PLANS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL. EXPTE. 65847/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 19.04.12, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar formalmente á Consellería do Medio Rural e do Mar a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural a inclusión dentro dos Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural, das obras de “Reforzo do firme de Vía na Parroquia de Cabral”.

2º.- O Concello de Vigo a requirimento da Consellería do Medio Rural e do Mar, para realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM-Rural)) consistentes en Reforzo do firme da estrada da Vía na Parroquia de Cabral, COMPROMÉTESE:

- Á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- Á renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir -ú unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- A que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72 p1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
 - a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución
 - b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

3º.- Notificar o presente acordo á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar.

4º.- Solicitar da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural a remisión do proxecto completo que se inclúe no expediente de licitación das obras, para a súa previa aprobación técnica por este Concello, antes do inicio da súa execución.

24(454).- CONTRATOS DE AUTORIZACIÓN DE ACCESO A DATOS DE CARÁCTER PERSOAL POR UN TERCEIRO QUE COMPLEMENTAN OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ASINADOS COS AXENTES SOCIAIS PARTICIPANTES NO PROGRAMA “IMOS TRABALLAR 2”. EXPTE. 8807/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.04.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.04.12, conformado polo concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura dos contratos de autorización de acceso a datos de carácter persoal por un terceiro que complementan os convenios de colaboración asinados cos axentes sociais participantes no programa “Imos Traballa 2” Sindicatos Comarcals de Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Unión Xeral de Traballadores, Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), Asociación de Jovenes Empresarios (AJE) e Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE) .

2º.- Aprobar a sinatura do contrato de autorización de acceso a datos de carácter persoal por un terceiro que complementa o contrato menor de asistencia técnica de programación e soporte da base de datos do proxecto coa empresa Formaten Plataformas de Sistemas y Desarrollos S.L., co CIF número B32332652.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, D. Santos Hector Rodriguez Díaz, para a sinatura dos contratos aprobados.

25(455).- PROGRAMA DE TURISMO XUVENIL E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: MANZANEDA E MÉDULAS. EXPTE. 3430/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a

concelleira delegada de Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o programa de turismo xuvenil e educación medioambiental: Manzaneda e Médulas , redactado polo Servizo de Xuventude en data do 4 de abril de 2012, que recolle catro saídas con pernocta para un total de 200 participantes, que se desenvolverán os días 21 e 22 e 28 e 29 de abril e 12 e 13 e 19 e 20 de maio de 2012, dúas en Manzaneda e dúas nas Médulas..

O orzamento total das actividades ascende a 19.422,00 euros, os cales deberán ser consignados con cargo á partida orzamentaria 3370.227.99.05 e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización das outras partidas da bolsa de vinculación afecten ao normal funcionamento do servizo.

2º.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante para as catro saídas que se desenvolverán fóra do termo municipal de Vigo, que ascende a 55 euros para Manzaneda e 65 euros para as Médulas, o que representa unha porcentaxe a cargo dos participantes para estas saídas que oscila entre o 62,2% ao 61,4% en función da saída a Manzaneda ou ás Médulas, de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.

3º.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

4º.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

26(456).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove hora e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.